

CONVENIO ENTRE A UNIVERSIDADE DA CORUÑA E O INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES DOS ESTUDANTES DA FACULTADE DE SOCIOLOXÍA.

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2016

REÚNENSE:

Por unha banda, D. Julio Abalde Alonso, reitor da Universidade da Coruña (UDC), con sede na rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña, e CIF Q6550005J. Actúa en nome e representación da institución citada, no uso das atribucións que lle confire o art. 36.1.f) dos seus Estatutos, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio, da Xunta de Galicia (DOG n.º 100, do 26 de maio), modificado polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro (DOG n.º 201, do 17 de outubro), que outorga ao reitor a facultade para asinar convenios en nome da Universidade da Coruña.

E doutra, D. José Antonio Campo Andión, director do Instituto Galego de Estatística (IGE), actuando en nome e representación do mesmo, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 41.1 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia,

Ambas as dúas partes recoñécense con capacidade legal suficiente para outorgar o presente convenio e, para os efectos,

MANIFESTAN:

Primeiro.- Na nova ordenación das ensinanzas universitarias derivada da adaptación ao espazo europeo de educación superior (EEES) ponse unha especial énfase na realización por parte dos estudantes de grao e mestrado de prácticas externas con valor académico en entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, desde a consciencia de que a combinación dunha axeitada formación teórica universitaria co coñecemento aplicado das técnicas e das metodoloxías desenvolvidas no campo profesional constitúe a base máis sólida para a súa formación integral, ao capitalalos correctamente para a súa futura inserción no mercado laboral.

Segundo.- O IGE, como organismo da Administración Autonómica con competencias en materia de estatística, ten como obxectivo instrumental o promover a normalización, homoxeneidade e posibilidade de comparación da información

estatística galega respecto da estatal e da europea. Un dos obxectivos concretos, de gran utilidade para acadar esta homoxeneidade é ter elaborado un vocabulario que permita coñecer os termos estatísticos máis técnicos en outros idiomas, polo que sería interesante compartir os nosos coñecementos sobre a materia con alumnos que puideran aproveitar estes coñecementos para o seu futuro laboral.

Terceiro .- Para poñer en práctica esta colaboración é necesario encontrar un marco de cooperación educativa entre os asinantes que delimite as garantías recíprocas dos alumnos e do IGE no desenvolvemento do período de prácticas.

De acordo co anterior, a UDC e o IGE acordan asinar un convenio de colaboración, de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.-OBXECTO

Este convenio ten por obxecto posibilitar aos estudantes da titulación do Facultade de Socioloxía da UDC a realización do Prácticum correspondente ao Plan de estudos do Grao en Socioloxía nas dependencias do IGE, así como para aportar os seus expertos para aquela parte da docencia teórico-práctica especializada, que fora precisa.

A través do presente convenio fíxanse as pautas e mecanismos de colaboración entre as partes, coa finalidade de establecer unha adecuada programación, desenvolvemento e verificación do correcto desenvolvemento da colaboración.

Segunda.- TITORES

As funcións do titor serán as indicadas na cláusula 4d. Os titores do IGE terán dereito, a pedimento propio, a que se lles acredite documentalmente pola UDC a colaboración efectuada.

Terceira.- NÚMERO DE PRAZAS DE ALUMNOS

Para realizar as prácticas, o IGE acollerá a un alumno por cada curso académico

Cuarta.- RÉXIME XURÍDICO DA REALIZACIÓN DAS PRÁCTICAS

As prácticas académicas externas levaranse a cabo de acordo coas seguintes normas:

a) DESTINATARIOS

Poderán ser beneficiarios deste programa aqueles estudantes matriculados nalgunha titulación da Facultade de Socioloxía, de conformidade co plan de estudos correspondente.

b) PERÍODO

O tempo de realización de prácticas tuteladas por parte dos alumnos será o número de horas recollido no plan de estudo correspondente, e sempre cun máximo de 275 horas.

c) TITORIZACIÓN DAS PRÁCTICAS

Tanto o IGE como a UDC, respectivamente, designarán sendos titores que se encargarán do seguimento das prácticas, supervisarán a súa realización e emitirán un informe final sobre o seu contido e avaliación.

Deste xeito, o IGE e o coordinador da UDC, deberán asinar un documento no que figuren, perfectamente detallados, cal será a tarefa do alumno, o período exacto do traballo, así como un apartado para un informe breve de ambos titores, onde se indique cal foi o nivel de aproveitamento do alumno e a súa apreciación sobre a capacidade do mesmo.

d) DEREITOS E OBRIGAS DO TITOR DO IGE

O titor do IGE terá os seguintes dereitos:

- a) Ao recoñecemento da súa actividade colaboradora por parte da UDC, en forma de certificado de docencia, de ser requirido polo interesado.
- b) A ser informado acerca da normativa que regula as prácticas externas, así como do Proxecto Formativo (Guía docente da materia) e das condicións do seu desenvolvemento.
- c) A ter acceso á UDC para obter a información e o apoio necesarios para cumprir os fins propios da súa función.

Tamén terá os seguintes deberes:

- a) Acoller ao estudante e organizar a actividade a desenvolver, de acordo ao establecido no Proxecto Formativo.
- b) Supervisar as súas actividades, orientar e controlar o desenvolvemento da práctica, cunha relación baseada no respecto mutuo e no compromiso coa aprendizaxe.
- c) Informar ao estudante da organización e funcionamento da entidade, e da normativa de interese, especialmente a relativa á seguridade e riscos laborais.
- d) Coordinar co titor académico da UDC o desenvolvemento das actividades establecidas, incluíndo aquelas modificacións do plan formativo que poidan ser necesarias para o normal desenvolvemento da práctica, así como a comunicación e resolución de posibles incidencias que puideran xurdir no desenvolvemento da mesma e o control de permisos para a realización de exames.

- e) Emitir o informe final.
- f) Proporcionar a formación complementaria que precise o estudante para a realización das prácticas.
- g) Proporcionar ao estudante os medios materiais indispensables para o desenvolvemento das prácticas.
- h) Facilitar e estimular a aportación de propostas de innovación, mellora e emprendemento por parte do estudante.
- i) Facilitar ao titor académico da UDC o acceso á entidade para o cumprimento dos fins propios da súa función.
- j) Gardar confidencialidade en relación con calquera información que coñeza do estudante, como consecuencia da súa actividade como titor.
- k) Prestar axuda e asistencia ao estudante, durante a súa estadía na entidade, para a resolución daquelas cuestións de carácter profesional que poida necesitar no desempeño das actividades que realiza na mesma.

e) CONTIDO DAS PRÁCTICAS

O contido específico das prácticas será o que se especifique no Proxecto Formativo que se achegará como anexo a este convenio na documentación de formalización de cada práctica.

f) MEMORIA DAS PRÁCTICAS

Ao rematar o período de prácticas, o alumno deberá realizar unha memoria final sobre o traballo desenvolvido.

g) PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN

A avaliación das prácticas realizaraa a UDC a través do seu titor, tendo en conta a memoria elaborada polo alumno e o informe de prácticas do IGE.

h) CERTIFICACIÓN DO IGE

No caso de que a avaliación da memoria e o informe de actuación do alumno sexan favorables, o IGE emitiralle ao alumno que participou con regularidade nas prácticas unha certificación na que deben constar o tempo de colaboración e as actividades, traballos, investigacións, etc. realizados nela.

A certificación deberá especificar que carecerá de efectos académicos e que, para estes efectos, quedará supeditada á avaliación que realice a UDC.

i) EFECTOS

A realización das prácticas tuteladas polo alumno poderá supoñer o recoñecemento de créditos prácticos necesarios para a obtención dos títulos correspondentes, segundo a convocatoria específica de cada curso.

j) RELACIÓN CO IGE

Os alumnos en prácticas non terán, en ningún caso, vinculación laboral co IGE, nin terá consideración de contrato en prácticas, aprendizaxe, tempo parcial ou calquera outra modalidade existente.

Os alumnos en prácticas non poderán realizar tarefas de responsabilidade no IGE, nin (polo menos en solitario) aquelas exclusivas do persoal do IGE, estando sempre e, en todo caso, orientadas as prácticas a unha aprendizaxe práctica tutorizada.

Os alumnos poderán recibir unha compensación por gastos efectuados no desenvolvemento das mesmas (gastos de transporte e desprazamento, comidas, etc.), en forma de bolsa ou axuda de estudos.

O IGE non poderá cubrir, nin sequera con carácter eventual ou interino, ningún posto de traballo co alumno en prácticas, agás que formalice co alumno un contrato de traballo, suposto no que cesará na realización das prácticas, debendo comunicarse este feito á Comisión de Seguimento do Convenio.

Quinta.- SEGURIDADE DO ALUMNO E RESPONSABILIDADE CIVIL

Os riscos de enfermidade ou accidente estarán cubertos polo correspondente seguro escolar para os alumnos menores de vinte e oito anos. Para os/as estudantes maiores de vinte e oito anos formalizarase obrigatoriamente no momento da matrícula, ao cargo do/a estudante, un seguro específico.

A cobertura dos riscos derivados da responsabilidade civil do alumnado que realiza prácticas tuteladas en empresas ou entidades queda garantida pola UDC

Sexta.- COMPETENCIAS DA UNIVERSIDADE

A selección do/a alumno/a será competencia da UDC, así como a organización de apoio teórico e práctico para o desenvolvemento das prácticas.

Sétima.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Créase unha Comisión de Seguimento e Interpretación do presente convenio integrada, por parte da UDC, pola Vicerreitora de Estudantes, ou persoa na que delegue, e polo responsable de prácticas do centro. Polo IGE formarán parte da comisión dúas persoas que se designen.

A Comisión de Seguimento terá as seguintes competencias con relación ás prácticas tuteladas:

1. Resolver os problemas que se susciten na súa execución.
2. Interpretar e aplicar, con carácter xeral, as estipulacións deste convenio, así como controlar o seu cumprimento e resolver os conflitos entre partes.
3. Tomar medidas en relación ás incidencias que xurdan na realización das prácticas, incluída a expulsión dos/as alumnos/as que non cumpran as cláusulas do convenio.

A comisión reunirse cando o considere necesario calquera das partes.

Oitava- NORMAS DE APLICACIÓN

O presente convenio de colaboración queda excluído do ámbito de aplicación do RDL 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público e seralle de aplicación a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Ao presente convenio seralle aplicable subsidiariamente a seguinte normativa:

Real Decreto 1393/2007 do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios.

Normativa do Plan de estudos da titulación

Real Decreto 592/2014 de 11 de xullo polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios.

Novena.- DURACIÓN

A duración do presente convenio será de dous anos naturais, en todo caso, respectarase o tempo de realización das prácticas que estiveran xa iniciadas ao longo da vixencia do convenio. Por mutuo acordo das partes, poderá prorrogarse a través da sinatura da correspondente addenda cunha duración máxima de dous anos naturais.

Aos efectos de publicidade estarase ao disposto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG 03.08.06).

Décima.- RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Serán causa de resolución do convenio:

- a) O mutuo acordo das partes.
- b) O incumprimento das cláusulas contidas no mesmo, previa reunión da Comisión de Seguimento.

En calquera caso, sempre que haxa alumnos realizando un período de prácticas, estas se desenvolverán con total normalidade ata que rematen.

Undécima.- PROTECCION DE DATOS

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, o/a estudante en prácticas que, por razón das

actividades formativas, teñan acceso, en calquera fase do tratamento, a datos de carácter persoal, non revelará á persoa allea á empresa/entidade información da que tivera coñecemento, nin utilizará ou disporá dela dun xeito ou cunha finalidade distinta á esixida polas accións formativas, obriga que subsistirá aínda despois de rematadas as mesmas, respondendo, en caso de incumprimento do deber de segredo, fronte á empresa/entidade, sen prexuízo das responsabilidades que, por igual causa, puideran derivarse ante a Axencia Española de Protección de Datos.

A tal efecto, o/a estudante asinará coa empresa/entidade un documento no que se obrigue a cumprir o deber de segredo antes citado.

Duodécima.- CONDICIÓN DE RESCISIÓN DA PRÁCTICA

O incumprimento por parte do alumno das súas obrigas ante o IGE, poderá determinar a perda automática dos seus dereitos como alumno en prácticas.

O feito demostrado de que as prácticas na entidade non se axusten ao acordado ca coordinación do título, poderá ser motivo de rescisión das mesmas.

Décimo terceira.- XURISDICION

As partes comprométense a resolver amigablemente as diferenzas que puideran xurdir a través da Comisión de Seguimento.

Non obstante, recoñécese a xurisdición contencioso-administrativa como competente na materia, dada a natureza pública das partes.

POLA UDC O reitor da UDC	POLO IGE O Director
Julio Abalde Alonso	José Antonio Campo Andión